WIKIPEDIA

Lingua hakka

Na Galipedia, a Wikipedia en galego.

O **hakka** é unha lingua chinesa falada polo pobo hakka no sur da China, Taiwán, Hong Kong e nas áreas da diáspora de Asia oriental e en todo o mundo. Por mor do seu uso en lugares illados onde a comunicación está limitada, o hakka desenvolveu numerosas variedades e dialectos, falados en diferentes provincias, como Guangdong, Guangxi, Hainan, Fujian, Sichuan, Hunan, Jiangxi e Guizhou, así como en Hong Kong, Taiwán, Singapur, Malaisia e Indonesia. O hakka non é mutuamente inteilixible co cantonés, co wu, co min nam, co mandarín ou outras pólas do chinés, e dentro dela mesma, contén algunhas variedades non intelixibles. Está estreitamente relacionado co gan, e ás veces é clasificado como unha variedade de gan.

En Taiwán, onde o hakka é a lingua nativa dunha significativa minoría de residentes, existe un centro de estudo e preservación da lingua.

Hakka **客家語 / 客家语**	
Pronuncia:	/ˈhækə/
Outros nomes:	Hak-kâ-fa
Falado en:	República Popular da China, Taiwán e Hong Kong
Total de falantes:	30 millóns (2007)
Posición:	39
Familia:	Sino-tibetana Sinítica Chinés **Hakka**
Escrita:	Escrita chinesa, e alfabeto latino
Estatuto oficial	
Lingua oficial de:	Taiwán (lingua minoritaria)
Regulado por:	Non está regulada
Códigos de lingua	
ISO 639-1:	--
ISO 639-2:	---
ISO 639-3:	hak (http://www.sil.org/iso639-3/documentation.asp?id=hak)

Véxase tamén

Outros artigos

- Lista de linguas por número de falantes

Bibliografía

- Hashimoto, Mantaro J. (2010). *The Hakka Dialect: A Linguistic Study of Its Phonology, Syntax and Lexicon*. Princeton/Cambridge Studies in Chinese Linguistics **5**. Cambridge University Press. ISBN 0-521-13367-X.




Existe unha versión da Wikipedia en ***Lingua hakka***


Wikimedia Commons ten máis contidos multimedia na categoría: ***Lingua hakka***


A Galipedia ten un portal sobre: ***China***
